

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO OBRAS DE PAVIMENTACIÓN, CLIMATIZACIÓN E IMPERMEABILIZACIÓN NO EDIFICIO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE DORNELAS

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 214/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

A Xunta de Galicia ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello de Mos para a execución do proxecto denominado *Obras de pavimentación, climatización e impermeabilización no edificio da asociación de veciños de Dornelas*.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.

Para os efectos sinalados tense previsto formalizar co concello de Mos o instrumento convencional a que se refire a presente memoria cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.



O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o concello de Mos para a execución do proxecto denominado *Obras de pavimentación, climatización e impermeabilización no edificio da asociación de veciños de Dornelas*.

O Concello de Mos expuxo a necesidade de executar o proxecto denominado *Obras de pavimentación, climatización e impermeabilización no edificio da asociación de veciños de Dornelas*, que ten como obxecto a pavimentación do último andar, a cuberta de parte da planta superior, así como a impermeabilización da cuberta plana e a instalación dun sistema de climatización, inexistente na actualidade. O estado construtivo no que se encontra o edificio presenta, ademais dun estado inacabado, patoloxías e deficiencias construtivas que afectan significativamente ao confort e salubridade dos usuarios e, por adición, a durabilidade da edificación, con graves problemas de illamento térmico, acústico e de estanqueidade

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, un apoio especialmente necesario neste caso considerando as especiais circunstancias do concello de Mos que veñen a incidir nun contexto dun escenario orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello para afrontar os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nas obras de pavimentación, climatización e impermeabilización no edificio da asociación de veciños de Dornelas, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Mos.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de TRINTA E OITO MIL CENTO DEZASETE EUROS E VINTE E UN CÉNTIMOS (38.117,21 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.





Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

